

COLUMNAS DE DENSIDADE

A densidade dun corpo é unha magnitude que se refire á cantidade de materia contida nun volume determinado.

Calcúlase coa fórmula

$$\rho = \frac{m}{V}$$

e a súa unidade son os gr/cm³

Os líquidos e gases ordénanse en función da súa densidade.

A nosa INVESTIGACIÓN

Formar unha columna de diferentes líquidos por capas de densidade e determinar en que capa se deterá cada sólido.

MATERIAIS DOS QUE DISPOÑEMOS: 1 Vaso precipitados, auga, alcol, aceite, mel, pedra, madeira, chincheta, cortiza, plástico.

Densidade auga: 1gr/cm³

Densidade aceite: 0,92 gr/cm³

Densidade alcol: 780 gr/cm³

Densidade mel: 1,4 gr/cm³

Densidade madeira: 600-900 gr/cm³

ACTIVIDADES

1. En que orde debemos verter os líquidos se os queremos ordenar por densidades?
2. Coa axuda dunha pipeta, verte lentamente os líquidos nunha probeta formando unha columna de densidades.
3. Lanza lentamente os diferentes obxectos sólidos dos que dispoñemos e anota en que capa se quedaron.
4. Pola súa posición na columna determina a súa densidade aproximada.